

**UNIDADE DIDÁCTICA: ARTE DE GRAN  
FORMATO**

**NIVEL:** 5º de Primaria

**TEMPORALIZACIÓN:** 5 sesións

**ÁREA:** Educación Plástica e Visual

**CENTRO:** CEIP Plurilingüe Carballal – Cabral

**MATERIAIS:**

- Material da aula de Plástica: papel, rotuladores, témperas, papel continuo...
- Material informático: ordenador con conexión á rede, impresora...
- Espazo axeitado para organizar unha exposición cos traballos realizados.

**OBXECTIVOS :**

- Coñecer os murais de arte urbana da nosa contorna.
- Coñecer artistas urbanas relevantes.
- Valorar os murais urbanos como parte do noso patrimonio artístico.
- Elaborar un mural colaborativo.
- Utilizar a técnica de debuxo a escala.
- Deseñar e elaborar un mural para decorar o centro.
- Compartir as creacións en diferentes espazos e canles.

## CONTIDOS:

- Vocabulario específico básico das artes plásticas e visuais.
- Profesións vinculadas cos ámbitos artísticos, plástico e visual, especialmente as artistas urbanas e muralistas de gran formato.
- Coñecemento e valoración da arte urbana como patrimonio cultural e artístico.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas plásticas e visuais en diferentes espazos culturais.
- Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación.
- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións plásticas e visuais.
- Producións multimodais: realización con diversas ferramentas, recursos e materiais.

## CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

- Distinguir rasgos artísticos da arte urbana e de algunhas artistas representativas.
- Valorar as sensacións e emocións producidas polos elementos do patrimonio artístico que conforman o noso contorno e a nosa identidade.
- Producir obras propias básicas.
- Planificar e deseñar instalacións artísticas colectivas traballando de forma cooperativa.
- Seleccionar e aplicar estratexias para a procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas audiovisuais.
- Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións.
- Compartir os proxectos creativos utilizando diferentes estratexias.

## TAREFAS POR SESIÓN.

**1ª Sesión:** Actividade introdutoria. Coñecemos o muralismo no concello de Vigo e estudamos as características de algunhas artistas. Facemos un mural colaborativo.

**2ª Sesión:** Practicamos o debuxo a escala utilizando a cuadrícula.

**3ª Sesión:** Deseñamos un mural en grupos de 4 e facemos o primeiro bosquexo.

**4ª Sesión:** Trasladamos o bosquexo a papel continuo e completamos o mural.

**5ª Sesión:** Organizamos unha exposición e presentamos o noso traballo.

**Tarefa final:** Exposición dos murais.

## **ESTADAXE:**

- Utilízanse recursos coñecidos en combinación con recursos novos.
- Ofrécense medios e recursos de apoio que se poden consultar en calquera momento.
- Apoio entre iguais.

## **INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN:**

### Avaliación das tarefas:

- Observación directa. 10% da cualificación final.
- Rúbrica. 90% da cualificación final. A rúbrica servirá para autoavaliarse e coavaliarse. Ademais, na rúbrica haberá un apartado en branco no que eles mesmos valorarán aspectos que consideren importantes do seu traballo.